

## **Rogos e preguntas do Pleno de xaneiro de 2022**

### **Preguntas formuladas por Dona Elena Estévez Freire.**

**Pregunta:** O día 18 de xaneiro o goberno local fixo pública a través da web municipal unha noticia na que afirmaba que “tal e como queda acreditado nos informes da concesionaria do propio expediente, o verquido produciuse nun vial autonómico” acusando a esta voceira de estar “faltando intencionadamente á verdade”. Porén, a resolución á que fixo alusión o PP a través desta voceira chamábase, literalmente, “Resolución de pagamento a Augas de Galicia no marco do expediente sancionador sobre verquido de augas residuais ao dominio público marítimo terrestre na praia de Agrelo”, repetíndose ao longo de todo o documento que fora na praia de Agrelo. Polo tanto, por que o goberno local acusa a esta voceira de mentir cando os datos aos que ela fixo alusión son os que constan na resolución asinada polo alcalde de Bueu, Félix Juncal? Equivocouse entón o alcalde firmando esa resolución? Procederá o alcalde a rectificar esa resolución indicando correctamente onde tiveron lugar os feitos e deixando sen efecto a resolución firmada?

**Resposta:** Unha resolución, como ben sabe a voceira do PP, pon fin á tramitación administrativa dun procedemento. En todo caso, se así o considera, pode pedir acceso a dito procedemento, como xa fixo noutras ocasións, para coñecer a documentación completa que integra o mesmo. En todo caso, da mesma resolta suficientemente acreditado o punto exacto de dito verquido.

**Pregunta:** Nesa mesma noticia, sinalábase que “Non imos consentir que se nos estean remitindo sancións de Augas de Galicia ao Concello de Bueu sobre bens que non son titularidade municipal nin responsabilidade nosa, declara Juncal, quen xa lle trasladou isto tanto á Conselleira de Infraestruturas como á Directora de Augas de Galicia nas recentes reunións. Ante iso, o goberno local avanza que, no caso de continuar estas sancións, se tomarán as accións legais pertinentes”. Con todo, Félix Juncal, mediante a resolución de Alcaldía recoñeceu a obriga. Ademais, a pesar de

que na nota afirman que se remiten sancións sobre bens que non son titularidade municipal, na propia resolución non consta que a multa sexa por unha vertedura, senón por “desatención a un requirimento da administración hidráulica”. Por que Alcaldía reconece unha obriga que logo di que non ten? Por que se ocultan na noticia, que aparece na web do Concello a pesar de ser unha acusación contra unha política local por parte do BNG e de ACB, os verdadeiros motivos da sanción?

**Resposta:** remítome á primeira resposta. A voceira poderá revisar o procedemento administrativo na súa totalidade e, no caso de seguir tendo dúbidas, solicitar as pertinentes aclaracións posteriormente.

**Pregunta:** Na nova tamén se afirma que “Ao contrario do que indica a voceira, o Concello presentou as pertinentes alegacións, polo que está faltando intencionadamente á verdade, e ademais “tal e como queda acreditado nos informes da concesionaria do propio expediente, o verquido produciuse nun vial autonómico e da man dun particular que, por certo, está agardando pola autorización da Xunta para conectarse á rede de augas municipal””. Con todo, o PP indicou na súa nota que “Logo de que o goberno local ignora dita petición, Augas de Galicia iniciou un expediente sancionador, que terminou cunha multa de 500 euros que, unha vez máis, terán que pagar todos os bueueses. Na resolución de Alcaldía indícase que entre a solicitude de información de Augas de Galicia e a remisión, dous meses despois, do expediente sancionador non se presentou ningún tipo de documentación, que é precisamente o que afirmou o PP na súa nota de prensa. Por que o goberno local di que a voceira falta á verdade cando só con ler a nota de prensa do PP e a resolución de Alcaldía queda probado que a voceira só indica as mesmas cousas que alí se expoñen ademais da súa visión e valoración persoal dos feitos? Pode afirmar o goberno local que antes de que se incoase expediente sancionador por desatender o requirimento xa presentara documentos ante Augas de Galicia? Quen está errada, a resolución de Alcaldía ou a nota de difamación do goberno local a través da web municipal financiada por todos os bueueses?

**Resposta:** como xa se dixo con anterioridade, recoméndase que a voceira solicite acceso ao expediente en cuestión para coñecer a información na súa totalidade.

## **Rogos**

### **A Sra. Estévez Freire**

Roga respecto dos contedores en Beluso na recta (se lle queixaron), prega que se fai falta un lavado que se faga.

Roga en relación aos cursos de memoria, que se lles leve xel hidrolóxico e o cambio dunha estufa que fai moito ruído.

Roga que se lle contesten as preguntas de xeito concreto e non que se remitan ao expediente, tamén ás preguntas que non se lle responden.

### **A Sra. Blanco Blanco**

Roga porque sente un agravio comparativo bastante grande respecto doutros grupos municipais, non podendo expresarse con claridade, en ocasións non levando á orde. Pide rigorosidade. Síntese discriminada.

### **A Sra. Núñez Rey**

Roga o arranxo de dous bancos cerca da praia que lle falta a un unhas táboas.

Tamén o arranxo do desnivel dunha rúa. Di que hai un estudio técnico cunha proposta de reparación desa rúa.

### **O Sr. Rodríguez Piedras**

Roga dotar ao Pavillón de Beluso dun podio.